



**Music Factory** presenta a materia completa de Linguaxe Musical de 1º de Ensinanzas Elementais de Conservatorio mediante actividades interactivas empregando a lingua inglesa. O proxecto inclúe oito unidades coa seguinte estrutura e contido:

## Unidade 5

### Discovering theory

Claves - Clave de fa en 4ª liña (iniciación) – Dinámica: matices, cambios graduais – Articulación: ligado, picado.

### Let's sing!

Identificación dos sons si grave e re agudo en clave del sol en 2ª liña e outros dados. Lectura melódico-rítmica entoada en clave de sol en 2ª liña cos sons si grave e re agudo sen acompañamento e con acompañamento de instrumental Orff. Lectura melódico-rítmica en clave de fa en 4ª liña cos sons do, mi, sol. Seguimento melódico en audición interna. Cuestionarios. Pezas en 2/4 e 3/4.

### Keeping the beat

Práctica rítmica e melódica das seguintes figuras: negra ligada a corchea e corchea, negra con punto de prolongación e corchea e figuras dadas. Recoñecemento da figuración rítmica e valores equivalentes. Interiorización rítmica a través da percusión de mans. Cuestionarios. Pezas: *Merrily We Roll Along*, *Zeg Moeder*, *Waar is Jan?* e *Oh! Du Lieber Augustin*.

### Ear training

Recoñecemento auditivo das dinámicas, da articulación e dos sons re agudo e Si grave en clave de sol en 2ª liña e os sons do, mi, sol en clave de fa en 4ª.

### Creative Lab

Improvisación guiada a través da interpretación con instrumentos Orff. Substitución de figuracións rítmicas. Peza: *Merrily We Roll Along* e *Zeg Moeder*, *Waar is Jan?*. Creación de partituras con Muscore sobre una proposta dada.

### Music around the world

Australia: *Waltzing Matilda*. Coñecemento da peza e mostra do manuscrito.

### Language training

Práctica oral e escrita do léxico desta unidade.

### Assessment

Actividades de avaliación do alumnado relativas ós contidos desta unidade. Cuestionario de avaliación, test de percusión, reflexión persoal, rúbrica.

### Documents

Rúbrica da proposta educativa, manual de uso, guía didáctica e autoría dos recursos empregados.